

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/03/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 02/03/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24-feb-2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0848

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co paso de peóns situado no comezo da Rúa Ramón Fernandez Mato, indicando que carece de rebaxe no bordo e sería conveniente a súa remodelación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a realizar o rebaxe de bordo.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2020/0849

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para a reparación do vehículo IVECO DAILY 0189FMB, adscrito ao citado Servizo, por unimporte total de 2.194,58 € (IVE incluído) con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0850

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa solicitando o cambio de datas para a celebración do mercado benéfico na Praza da Peixería inicialmente autorizado para os días 3 ao 6 de abril, e con motivo da campaña electoral das vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, solicitan o cambio para os días 12 a 16 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de datas solicitado, mantendo as mesmas condicións fixadas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xaneiro de 2020:

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

En canto á ocupación da vía pública, considérase o lugar máis axeitado o primeiro tramo da Avda. da Mariña.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo colaboración municipal coa cesión de 40 mesas, 10 cadeiras, megafonía.

PRP2020/0851

Dáse conta do escrito presentado por Dona Olalla Bouzas Cores, en representación de Asociación Cultural Musical Coda, solicitando autorización para ocupación de vía pública na beirarrúa situada na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño (porta lateral da escola) para realizar un concerto, sen obstruír o paso de peóns nin a estrada, o día 6 de marzo pola tarde, se o tempo o permite.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0852

Dáse conta de informe da Policía Local en relación cos pivotes en forma de "U invertida" situados a ambos lados do vao permanente nº 236, na Rúa Concepción Arenal nº 19, no que indican que se comprobou que aínda que o pivote se atopa a uns 75 cm. da esquina do garaxe, ao haber vehículos estacionados enfronte, dificulta a saída, polo que consideran conveniente a súa retirada. A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á retirada do pivote indicado pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/0853

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para a reparación do vehículo matrícula 1499-BMC, por un importe total de 1.374,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214, co fin de subsanar as anomalías indicadas na ITV.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0854

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con conflitos entre o vecindario da Rúa Jorge Rodríguez Padín, relacionados coa circulación e o estacionamento dos vehículos nalgunha das marxes.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalizar a prohibición do aparcamento máis próximo ás edificacións mediante liña amarela na marxe esquerda da rúa, complementado con dous sinais verticais R-308.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/0857

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 7, 8, 9 e 10 marzo, durante todo o día, para a celebración dun mercadillo solidario, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión do material solicitado.

Comunicar que a autorización para o día 8 de marzo, queda condicionada á celebración do día Internacional da Muller, xa que en caso de choiva celebrárase unha concentración ese día na

Praza da Peixería.

PRP2020/0858

Dáse conta do escrito presentado por Alcer Pontevedra, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 12 de marzo para instalar unha mesa informativa, así como a colaboración municipal coa cesión de unha carpa, unha mesa e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0859

Dáse conta do escrito presentado por D. José Panadero, en representación de APA Os Mecos – Asociación de pais de persoas con autismo, solicitando autorización para realización dun mercado benéfico na Praza da Peixería os días 18, 19 e 20 de decembro (e dispor das instalacións a partir do día 15 de decembro).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

PRP2020/0860

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Manuel Torres de Aboal, solicitando

autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia (ou na Praza da Peixería, se chove) o día 18 de maio de 2020, en horario de 10:00 a 13:00 horas para celebrar os Escolares de Vilagarcía con Ricardo Carballo Calero, e o día 1 de agosto de 2020, a partir das 19:00 horas para celebración da CV Mesa das Verbas-Poesía na rúa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0861

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marta Lucio Gómez, como Directora do Museo do Mar de Galicia solicitando a cesión da peza: "Plano do ensanche de Vilagarcía 1922", para a súa exposición na mostra sobre o Arquitecto Galego Antonio Palacios que ten previsto realizar no presente ano 2020, tendo prevista a inauguración no mes de maio e que se prolongue ate o mes de setembro, adoptando as medidas para garantir a seguridade da citada obra.

A Xunta de Goberno Local acorda a cesión da citada obra para a súa exposición.

PRP2020/0887

Vista a proposta da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Tradeseegur SA para o subministro de cartuchos para análises de drogas en cuspe (Pack de 25 ud.con torundas de recolección e cartuchos de análises para un so uso), por un importe total de 605,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0890

Vista a solicitude de D. Luis Vila López, para instalación do Circo Evolution - Olimpia, entre os días 5 a 8 de marzo de 2020, En Fexdega, e visto o informe da Policía Local, acórdase autorizar a instalación dentro do Recinto de Fexdega, debendo cumprir as seguintes condicións:

1º Deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma, e aportar un certificado técnico de revisión e montaxe de circo. Non presenta documentación acreditativa algunha.

2º Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma. En anteriores ocasións recibíronse queixas veciñais polo ruído. Recoméndase que na autorización, de selo caso, se fixe como condición unha medición de control a efectos de limitar os aparatos emisores de sonido e evitar

infraccións.

3ª Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate esta deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade. En caso de que se autorice a colocación de cartelería (40 paneis publicitarios), debera quedar igualmente obrigado a limpeza dos elementos que utilice como suxección. A colocación dos carteis non restará visibilidade, nin a sinalización nin o tráfico, e non obstaculizará o paso dos peóns.

4º Previa á instalación deberá aportar a documentación que acredite a inspección das instalacións polo Ministerio de Industria, e de acordo co disposto no REAL DECRETO 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, deberá aportar o Plan De Auto Protección, no que deberá constar o Plan Preventivo e o Plan De Actuación. Todo elo, sen prexuízo da normativa vixente sobre condicións de seguridade e protección contra incendios e outras de obrigado cumprimento, así como pola lei 17/1997 de Espectáculos Públicos, e os requisitos que sexan de obrigación. Deberá ser informado polos técnicos correspondentes.

5º Deberán proceder á retirada da cartelería unha vez que remate a actividade que se autoriza.

6º Deberá presentar 48 horas antes da data de instalación nas dependencias da Policía Local a autorización da Xunta de Goberno, ingreso bancario das taxas correspondentes por ocupación de terrenos , o xustificante bancario do depósito da fianza , no seu caso, e o recibo en vigor da póliza de responsabilidade civil.

7º Sería conveniente que antes de abandonar os terreos o comuniquen, para que os técnicos, os inspeccionen a efectos de devolución de fianza. Por parte da Policía Local farase unha inspección, pero solicítase a valoración de técnicos cualificados dos danos que sofre o pavimento pola colocación dos piquetes que sosteñen os ventos da carpa, entre outros. Existen queixas veciñais polo ruído que ocasiona o circo ó montar e desmontar en horario nocturno. Na autorización debe constar que os horarios para estas labores, así como para calquera outras que produzan ruído, deben ser entre as 08 e as 22 horas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/0862

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Miguel González Castro, Operario do Servizo de Vías Públicas, solicitando autorización para asistir ao curso de Prevención de Riscos Laborais. Nivel Básico. 1ª Edición 2020 Pontevedra, coa denominación de "Prevención de Riscos Laborais na Montaxe e Desmontaxe de Escenarios", de 35 horas, organizado polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no Centro Issga de Pontevedra, do 2 ao 6 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a súa asistencia, con aboamento dos gastos de desprazamento, que se estiman en 148,30 € con cargo á partida 453.23120.

PRP2020/0863

Dáse conta do escrito presentado por D. Sergio Cores Nogueira, Operario do Servizo de Vías Públicas, solicitando autorización para asistir ao curso de Prevención de Riscos Laborais. Nivel Básico. 1ª Edición 2020 Pontevedra, coa denominación de "Prevención de Riscos Laborais na Montaxe e Desmontaxe de Escenarios", de 35 horas, organizado polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no Centro Issga de Pontevedra, do 2 ao 6 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a súa asistencia, con aboamento dos gastos de

desprazamento, que se estiman en 148,30 € con cargo á partida 453.23120.

PRP2020/0519

Dáse conta do escrito de Dona Blanca Rosa Vázquez Corral en relación coa finalización das atribucións de funcións de coordinación do SPAD por cumprirse o período de dous anos estipulado para o cargo de dirección.

A Xunta de Goberno Local acorda nomear a Dona Carmen Mariño Padin como Coordinadora do SPAD para o exercicio das funcións de Dirección do Servizo por un período de dous anos, conforme ó estipulado nas normas de funcionamento do servizo, aboándolle á mesma unha gratificación, na cantidade que actualmente está estipulada..

EMPREGO

PRP2020/0839

Dáse conta do escrito presentado vía web polo Centro Comercial Aberto Zona Aberta en data 20 de febreiro de 2020, no que solicita permiso e colaboración do Concello para a celebración do evento .DE COMPRAS NA RÚA. o día 7 de marzo de 2020 na Praza de Galicia en horario de 10:00 a 20:30

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento, e aprobar a colaboración municipal coa colocación por parte do concello de 15 carpas e a cesión de 18 mesas e 12 cadeiras.

PRP2020/0871

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 19", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece SA para o servizo de limpeza das instalacións do obradoiro, na Rúa Agustín Romero nº 52, por un importe de 324,28 €/mes (IVE incluído), dando un importe total de 1.694,62 € con cargo á partida 2412.22199 (Módulo B da subvención). Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

SANIDADE

PRP2020/0836

Con data 11 de febreiro de 2020, D. Juan Manuel Muñiz Álvarez, titular da licenza de taxi número 24 deste concello, comunica que procedeu ao despido do condutor asalariado don Pablo Iglesias Santiago, procedendo a causar baixa na seguridade social con data 31 de xaneiro de 2020..

D. Pablo Iglesias Santiago solicitara con data 24 novembro de 2017 carné municipal de condutor de taxi co obxecto de prestar servizos como condutor asalariado da licenza número 24, constando na citada solicitude a sinatura de conformidade do titular da licenza; sendo autorizada pola Xunta de Goberno Local do 4 de decembro de 2017.

Vista a documentación presentada por D Juan Manuel Muñiz Álvarez e a normativa de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a baixa como condutor asalariado de don Pablo Iglesias Santiago, debendo procederse á baixa do mesmo no rexistro municipal e na aplicación

Rtaxi da Xunta de Galicia.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2020/0842

Vista a proposta da Concellería de Xuventude , a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar as bases para a realización do Campamento Urbano de Verán 2020 a levar a cabo durante os meses de xullo e agosto de 2020 nun Centro Educativo de Vilagarcía, dirixido a 90 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2016, co seguinte orzamento:

- Total do monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano: 35.496,65 €, con cargo á partida

- Servizo complementario de comedor: 10.700,00 €

- Servizo de limpeza: 2.038,50 €

Segundo: Importe prezo estimado por participante:

- Dous meses: 405,73 €

- Un mes: 202,86 €

- Unha quincena: 101,43 €

Terceiro: Aprobar os seguintes prezos públicos por participante:

- Dous meses: 180,00 €
- Un mes: 90,00 €.
- Unha quincena: 45,00 €

As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, seguinte:

R.PC. familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario/a	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80% e o 100%	50%	50%
Entre o 100% e o 125%	75%	25%
Superior ao 125%	100%	0

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os descontos que figuran no artigo 15 das bases.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/0885

Dáse conta do requirimento efectuado por Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais en condicións inadecuadas, os días 15 e 16 de xaneiro de 2020, ao río do Con procedente das instalacións municipais de saneamento ubicadas nese lugar (Clave DH.D36.70341), no que conceden un prazo de un mes para informar as causas do vertido denunciado e acreditar perante Augas de Galicia as medidas adoptadas para evitar a súa repetición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar o seguinte:

1º Indicar que na data da denuncia, estabase a realizar unha obra de mantemento e mellora no tramo da rede de saneamento que discorre pola Avenida das Carolinas, e foi necesario desviar a totalidade do caudal da rede de saneamento que discorría pola Avda. Rodrigo de Mendoza. Este feito motivou a saturación do colector de saneamento da zona, evacuándose o exceso do caudal da rede de saneamento ao río do Con a través do punto de alivio a nivel de colector da rede de saneamento municipal (V-09147).

2º No mesmo requerimento se recolle que na inspección levada a cabo o 05-02-2020, se constata que o verquido cesou.

3º Do exposto se deriva que se trata dun feito puntual que foi corrixido de inmediato, polo que se entende que non procede a incoación dun expediente sancionador.

Dáse conta así mesmo do informe emitido por Augas de Galicia, en relación cun aporte de espuma cara ao Río Con, ao seu transcurso polo lugar de Rubiáns (Alerta de vertido A-DS-210120-24)

No informe citado manifestase, que cara a esa rede de pluviais se atopan conectadas as augas residuais fecais xeradas nos aseos da "Area de Servizo A Barca, S.L.", así como as augas residuais tratadas procedentes da zona de lavado de vehículos e as augas residuais tratadas xeradas na zona de surtidores.

Tendo en conta o exposto a Xunta de Goberno Local, acorda:

- Requerir á Área de Servizo A Barca, S.L. para que adopte as medidas tendentes ao tratamento e depuración das augas residuais da citada instalación, con carácter previo, á súa evacuación á rede de saneamento municipal, xa que, en caso contrario, iniciárase procedemento sancionador para imposición das sancións que procedan.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/0843

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, en relación co desenvolvemento da Campaña de concienciación para o fomento da igualdade e a prevención da violencia de xénero, dirixida principalmente ás familias do municipio con fillos e fillas en idade escolar, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa VERSÁTIL SERVIZOS EDITORIAIS, S.L.U., o subministro e distribución de 2.000 exemplares do manual de boas prácticas "En Vilagarcía de Arousa sementamos Igualdade", por un importe total de 6.250,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0844

Dáse conta da proposta da Área de igualdade con motivo do 8 de Marzo que é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das discriminacións que as

mulleres aínda están a sufrir polo feito de ser mulleres, e a súa loita pola igualdade formal e real. A Área de Igualdade vai desenvolver unha serie de actos con motivo desta data, por canto o que se conmemora é obxectivo propio desta área, entre eles contamos coa proxección da película "Una cuestión de género" o vindeiro 11 de marzo no Salón García en colaboración co Cine Club Adegas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado polo Cine Club Adegas para a realización da proxección no que se inclúen os dereitos de exhibición, por importe de 400,00€, con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2020/0838

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de abril de 2018, solicitouse a inclusión da obra denominada "Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán", con cargo ao Plan de Obras e Servizos por importe de 150.219,46 euros e que foi concedida por acordo da Xunta de Goberno Provincial o 26 de outubro de 2018.

Nos investimentos solicitados para o ano 2019 con cargo ao citado Plan Concellos superouse en 50.750,00 euros o importe concedido para dita anualidade pola Deputación Provincial; ao non ter en conta que o investimento Renovación de barandillas entorno a vista Alegre fase II, era unha obra plurianual e que non se tomou en conta que minoraba o importe global para o ano 2019.

Co obxecto de subsanar este erro e dotar de crédito á anualidade 2019 dos fondos do Plan Concellos destinados ao concello de Vilagarcía de Arousa, e poder subvencionar todos os investimentos solicitados, a concelleira de Urbanismo propuxo a Xunta de Goberno Local do 18 de marzo, desistir da subvención outorgada pola Deputación para o investimento "Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán", aplicando o importe de 50.750,00€ á cantidade a subvencionar con cargo ao Plan Concellos, anualidade 2019, denominado "Plan de Asfaltados de camiños municipais 2019 Fase I" e solicitar o seu financiamento con cargo ao Plan Concellos 2018-2019.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado erro incluíndo a aprobación do proxecto denominado "Plan de Asfaltados de camiños municipais 2019 Fase I" no acordo de Xunta de Goberno Local.

PRP2020/0877

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, do 4 de febreiro de 2019, adxudicouse á mercantil Nexia Infraestruturas, S.L.U. (B27802503), o contrato denominado "Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán" incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) e cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, por un importe, IVE/IVE incluído, de 204.616.25€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 8 de xullo de 2019 procedeuse a conceder unha prorrogas na execución das obras citadas ata o 28 de agosto de 2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, do 9 de setembro de 2019, acordouse conceder unha segunda prórroga no prazo de execución ata o 20 de outubro de 2019.

Con data 20 de decembro de 2019, o arquitecto director de obra, don Juan Antonio Villanueva Ruíz, emite informe técnico, con número rexistro do entrada do concello de Vilagarcía de Arousa WEB2019005824, da citada data, que entre outros temas, destaca o seguinte:

A execución das obras da “Humanización dá Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” comezou o 20 de marzo de 2019.

Na última visita realizada, o martes 17 de decembro de 2019, soamente había dous traballadores en obra, realizando os preparativos para o hormigonado dos bancos da praza.

A partida de obra máis delicada actualmente por finalizar, é a soleira de formigón da banda de rodadura para vehículos, xa que se ha de realizar en ausencia de choivas. O resto dos traballos pódense realizar con tempo chuvioso. O estado actual das obras é:

- 01 DEMOLICIÓN E ACTUACIÓNS PREVIAS 100%
- 02 ACONDICIONAMENTO DO TERREO 100%
- 03 FIRMES E PAVIMENTOS URBANOS 100%
- 04 INSTALACIÓNS 83%
- 05 XARDINERÍA 0%
- 06 EQUIPAMENTO URBANO 15%
- 07 CONTROL DE CALIDADE 59%
- 08 XESTIÓN DE RESIDUOS 100%
- 09 SEGURIDADE E SAÚDE ou 92%

A obra atópase executada actualmente nun 83%.”

Que desde a data de comprobación de replanteo transcorreron 11 meses, cando o prazo inicial de execución previsto era de 3 meses, atopándose actualmente, pendente de execución o 17% do contrato. Dado o número de persoas que se atopan na execución do contrato, 2 segundo consta no xa citado informe técnico da dirección facultativa, non hai ningunha garantía do prazo previsto para a finalización dos traballos, que tampouco asegura a empresa adxudicataria nas conversacións mantidas con ela.

Por Resolución da Alcaldía do 26 de decembro de 2019, incoouse expediente de resolución do contrato administrativo de obras denominado “Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) e cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020”, adxudicado á mercantil Nexia Infraestruturas, S.L. por incumprimento do prazo de execución do mesmo. Procedéndose á notificación da citada resolución a Nexia Infraestruturas, S.L., na citada data, dándolle un prazo de audiencia de 10 días naturais (art. 109 Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas), con indicación expresa de que se non presentaba alegación algunha se entenderá que non manifestaba oposición á resolución do contrato.

Con data 3 de xaneiro de 2020, rexistro de entrada WEB2020000020, Nexia Infraestruturas, S.L. presenta alegacións á resolución do contrato opoñéndose ao mesmo.

Posteriormente, Don Julián Martínez Romero, Xefe de Obra designado por Nexia Infraestruturas, S.L. para a citada obra presentou un escrito ante este concello, con data 30 de xaneiro de 2020, onde literalmente di:

“Que nestes momentos a situación da empresa non lle permite dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para garantir as adecuadas condicións de seguridade ante posibles accidentes nas zonas de obra. Solicítase, por tanto, tómanse as medidas oportunas destinadas a garantir a seguridade das persoas nas áreas afectadas pola devandita obra. Ante a indicada falta

de medios, o arriba asinante non pode asumir a responsabilidade sobre a seguridade das obras". Nos últimos meses a situación é a seguinte:

1º Con data 28 de xaneiro (registro de entrada Web20200000333), 25 empresas subcontratistas e/ou subministradoras afectadas pola falta de pagamentos da mercantil Nexia Infraestruturas, S.L., presentaron un escrito ante este concello indicando a delicadísima situación ante a que se atopan debido a esta falta de pagamentos; que se atopan en "...fase de preparación a constituír PLATAFORMA DE AFECTADOS para iniciar as accións xudiciais pertinentes e esixir responsabilidades, como integrante dos afectados de provedores de servizos e subministracións (subcontratistas e subministradores) para a empresa NEXIA INFRAESTRUTURAS SL con CIF. B27802503. A súa situación actual ademais de ter desde varios meses obras paralizadas en diversos Concellos de Galicia ,presunta venda da empresa que de ser certa é opaca, atrasos de pagos desde xuño con pagarés excedidos no tempo de forma deliberada para ocasionar impagados a partir do 25 de Xaneiro de 2020. Hoxe , 27 de Xaneiro , non foron atendidos os pagarés de moitos provedores. Moitos non han recibidos pagarés ou confirming de facturas desde hai varios meses. A día de hoxe non está publicada a venda no Rexistro Mercantil e os novos administradores non se identifican nin tampouco as súas actuacións fronte á situación actual...". Esta situación, ante a falta de subministradores e subcontratistas impide, entre outras cuestións, que a empresa poida realizar traballos da envergadura da obra de referencia.

2º A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 3 de febreiro de 2020 acordou a adopción por parte da dirección de obra e polo servizos técnicos do concello das medidas de seguridade que procedan na obra, facéndose cargo o concello do custo do aluguer ou outro material preciso para garantir a seguridade, Así mesmo acordouse requirir ás empresas subcontratistas afectadas por esta obra para que indiquen ao concello os importes que lles debe Nexia Infraestruturas, S.L. en relación coa obra da rúa Vázquez Leis e unha vez coñecidas as empresas subcontratistas e os importes que lles debe Nexia Infraestruturas, S.L., pola execución da obra Humanización da rúa Vázquez Leis, poñelo en coñecemento da empresa adxudicataria, coa finalidade de que Nexia Infraestructuras, S.L. ceda os dereitos de cobranza a favor das empresas subcontratistas.

3º Os veciños afectados polas obras, mobilizáronse e constituíron unha plataforma veciñal para canalizar as protestas como consecuencia dos atrasos e escasas perspectivas de que Nexia Infraestruturas, S.L. termine as obras, ante a venda efectuada polos propietarios da empresa a un novo empresario cuxa identidade se descoñece. Ante esta preocupación o Alcalde de Vilagarcía mantivo unha reunión no Centro Social de Vilaxoán o 12 de febreiro cos veciños, para informarlles de todas as xestións que se están realizando, manifestándolle estes as enormes dificultades para acceder ás súas vivendas, os problemas de accesibilidade e a inseguridade xeral que presenta a zona, que se acrecenta co paso dos días #ante as falta de traballos na obra.

4º No Boletín Oficial de Rexistro Mercantil do 13 de febreiro de 2020, publícase con respecto á mercantil Nexia Infraestruturas, S.L.U. o seguinte: "Cambio de identidade do socio único: REALCOM MAQUINARIA SL. Ceses/Dimisións. Adm. Unico: VALIÑAS MONTEAGUDO PABLO. Nomeamentos. Adm. Unico: REALCOM MAQUINARIA SL. Datos rexistrals. T 3963, L 3963, F 184, S 8, H PO 56787, I/A 10 (5.02.20)"

5º. O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Pontevedra, en xuízo cambiario 86/2020, decretou e comunicou a este concello o embargo sobre o crédito de Nexia Infraestruturas, S.L.U., por importe de 34.085,01€ de principal e intereses ordinarios e moratorios vencidos, máis outros 9.600€ fixados prudencialmente para intereses e costas da execución.

Esta gravísima situación da mercantil adxudicataria do contrato e o estado das obras están a poñer en grave risco a seguridade das persoas que residen na rúa Vázquez Leis e nas contiguas a esta que teñen que utilizar esta vía para poder acceder aos seus domicilios, debido a que non é

posible circular coa máis mínima seguridade nin en vehículos nin peatonalmente; ao que debemos unir que gran parte da rúa esta cortada e valada por motivo das obras.

Tampouco é posible garantir o acceso dos vehículos de emerxencia (ambulancia, bombeiros, etc.), nin tan sequera que as persoas con mobilidade reducida poidan saír das súas casas a consultas médicas ou a realizar a máis mínima xestión.

A feixes, o amentado contrato atópase financiado con cargo á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) e cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, cuns prazos de xustificación moi axustados, cuxa demora pode levar á perda do financiamento do investimento, outorgada ao concello de Vilagarcía de Arousa ao amparo da convocatoria 1ª Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro (BOE nº 275, do 13 de novembro de 2015), na súa condición de entidade beneficiaria do Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020.

Visto o que antecede, así como o informe emitido polo Director de Obra, don Juan Villanueva Ruíz, de data 24 de febreiro de 2020, sobre a conveniencia da continuación das obras por outra empresa, procedería co fin de garantir, tal e como esixe a lexislación vixente, a seguridade de bens e persoas que ven obrigadas a utilizar a rúa Vázquez Leis e o bo termo da obra,

1.- Elevar o expediente de resolución do contrato denominado “Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” adxudicado á mercantil Nexia Infraestruturas, S.L., ao ditame do Consello Consultivo de Galicia para os efectos de que emita o informe que proceda, facendo constar como proposta da Xunta de Goberno Local a desestimación das alegacións formuladas por Nexia Infraestruturas S.L. en base ao informe emitido polo arquitecto director da obra, e por conseguinte a conformidade municipal a resolución do contrato.

2.- Adxudicar a traves dun contrato menor regulado no arto 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro , de contratos do Sector Público, os traballos urxentes, que se indican no citado informe do director de obra, á empresa J.M. Iglesias, S.L. de acordo co orzamento que esta presentou por importe de 39.814,09€ (IVE/IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE/IVE 21% de 8.360,96€, o que totaliza un orzamento de adxudicación (IVE/IVE incluído) de 48.175,05€, coa finalidade de garantir a seguridade das persoas e dos bens e dereitos afectados polo contrato de obras de Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoán.

PRP2020/0837

Dáse conta do escrito remitido pola Xunta de Galicia relativo á inscrición no rexistro da propiedade da parcela onde se atopa o I.E.S. Miguel Angel González Estévez:

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 19 de novembro de 2019, manifesta que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia está en posesión a título de dono dende fai máis de dez anos, da parcela con referencia catastral número 8980112NH1188S0001UQ, a cal atópase afectada a un servizo público como é o I.E.S. Miguel Ángel González Estévez de Carril.

Consultado o Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, compróbase que as dúas parcelas figuran inscritas a nome do Concello de Vilagarcía de Arousa, Finca 18.151, no Tomo 716, Libro 181, Folio 18, así como a Finca 18152, no tomo 716, libro 181 folio 19.

A través do escrito anteriormente citado, a Comunidade Autónoma de Galicia comunica que procederá, como titular do ben, a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á inscrición pola Xunta de Galicia das dúas parcelas indicadas.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/0767

Vistos os xustificantes de gastos correspondentes á reposición nº1/2020 da Caixa Fixa para gastos de diversos servizos presentados pola habilitada JOSÉ RAMÓN REIRÍS PÉREZ por importe de 5.347,09 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a conta xustificativa e contabilizar o pago ós acredores finais polos importes e nas aplicacións segundo se indica:

Nº Fra.	Fecha Dto.	Nombre	Texto Explicativo	Importe Total	Programa	Económica
19F0846S00000925	03/12/2019	AVORIS RETAIL DIVISION, S.L.	ASISTENCIA AL ""III ENCUENTRO GRUPO DE TRABAJO DE GESTORES RED DTI"" EN PALENCIA	89.50	912	23100
000420	26/12/2019	INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	PLACAS CO MOTIVO XUBILACION TRABALLADORES DO CONCELLO DURANTE O ANO 2019	2673.13	912	23100
Emit- 6	26/12/2019	AROUSA HERMANOS GONGAL, S.L	PINCHO PARA OS TRABALLADORES DO CONCELLO CO MOTIVO DAS FESTAS DO NADAL 2019	1400.30	912	23100
MINUTA Nº 41	30/12/2019	CARON GARCIA, ALVARO	TRASLADO A SANTIAGO ASISTENCIA ""III ENCONTROS TRABAJO GESTORES DTI EN PALENCIA	95.75	912	23100
MINUTA Nº 72	30/12/2019	CARON GARCIA, ALVARO	COMIDAS CON MOTIVO ASISTENCIA ""III ENCUENTRO DEL GRUPO GESTORES DTI EN PALENCIA	17.20	912	23000
MINUTA Nº 73	30/12/2019	CARON GARCIA, ALVARO	REUNION DE TRABAJO NA DIRECCION PROVINCIAL DE COSTAS	14.60	912	23100
MINUTA Nº 74	30/12/2019	CARON GARCIA, ALVARO	REUNION TRABAJO PROGRAMA EUROVELO NA DIPUTACION PROVINCIAL	17.30	912	23100
MINUTA Nº 75	30/12/2019	CARON GARCIA, ALVARO	XUNTANZA PADROADO FUNDACION XACOBEO AROUSA ULLA EN PADRON	11.02	912	23100
0406 19	30/12/2019	INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	CHPAS PARA ENTREGA DE OBSEUIOS INSTITUCIONALES DURANTE EL AÑO 2019	469.48	912	22601
151-1-12/113	30/12/2019	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	OBSEQUIO INSTITUCIONAL CON MOTIVO FIESTAS DE NAVIDAD Y FIN DE AÑO 2019 A LA RESIDENCIA DIVINA PASTORA	448.81	912	22601

101/19	30/12/2019	MIGUENS NAVIA, CARMEN	RAMO MORTUORIO FALLECIMIENTO MADRE DEL TRABAJADOR RICARDO PICHEL PREGO	110,00	912	22601
				5.347,09		

2. Imputar o gasto ás seguintes partidas:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE CONSTITUCIÓN	TOTAL GASTADO
912-22601	Órganos de Gobierno. Atención protocolarias	3.000,00	2.428,59
912-22699	Órganos de Gobierno. Gastos diversos.	2.000,00	2.673,13
912-23000	Órganos de Gobierno. Dietas cargos electos	1.000,00	17,20
912-23100	Órganos de Gobierno. Locomoción	1.000,00	228,17
			5.347,09

3. Proceder á reposición da cantidade de 5.347,09 € xustificadas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.